



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

**METEOGALICIA**

*Informe climatolóxico*

*Mes de marzo 2008*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO**

## **MES DE MARZO 2008**



## 1.- Resumo

### **Predominio de temperaturas baixas e normalidade de chuvias**

O mes de marzo estivo dominado pola influencia dos ventos de compoñente norte e as chegadas de aire frío, particularmente persistentes na segunda metade do mes. Isto deu lugar a unhas temperaturas en media por debaixo do agardado. A chegada de algunhas fronte distribuídas de xeito irregular durante o mes deixa unhas cantidades de chuva dentro da normalidade practicamente en toda Galicia, incluso con valores superiores ós normais en puntos da metade norte. Así, o mes comezou nunha situación intermedia entre altas e baixas presións con chuvias en xeral de carácter feble nas primeiras dúas xornadas. A primeira fronte intensa chegou na xornada do día 9, asociada a unha área depresionaria que ocupaba todo o atlántico ó norte de Galicia. Esta fronte non deixou cantidades moi importantes de chuva, pero as baixas presións produciron mar de fondo que na xornada do día 10 ocasionou ondas de máis de 10 metros de altura, quedando o rexistro record na Boia situada a 20 millas de Cabo Vilano con 12.7 metros de altura significativa. Logo de 3 xornadas algo máis tranquilas a xornada do 15 achegouse outra nova fronte, que tivo continuidade ata o día 18. Entre o 19 e o 21 as altas presións que entraron en forma de cuña deixaron 3 xornadas de tempo máis soleado, pero con ventos intensos do norte e baixas temperaturas. Estes ventos achegaron na xornada do 22 unha fronte fría detrás da cal entrou unha bolsa de aire polar marítima que fixo descender a cota de neve ata os 500 metros de altura na xornada do 23. A derradeira semana do mes estivo caracterizada pola inestabilidade, cunha derradeira fronte fría moi activa na madrugada do día 30.

**Temperatura:** O predominio de días con ceos anubrados ó principio do mes e ventos de compoñente norte na segunda metade, contando incluso con cotas baixas de neve deixaron os valores medios da temperatura por debaixo da media climática correspondente a este mes, principalmente nos valores máximos.

**Chuvia:** As chuvias acadaron valores normais para este mes debido á chegada de varias fronte procedentes do Atlántico. As fronte máis activas tiveron lugar nas xornadas do 10 e do 30. Na segunda metade do mes os ventos foron en xeral de compoñente norte, deixando polo tanto máis chuvias nas provincias de Lugo e A Coruña, polo que nalgúns puntos destas provincias as chuvias foron superiores á media.



## 2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no periodo 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m2).

### CIS FERROL

	MARZO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.6	12	15 (1997)	9.7 (1984)
Tª mínima media	8.5	8.8	10.8 (2001)	6.6 (1984)
Tª minima absoluta	1.9 (día 7)	0.6 (1/3/1993)		
Tª máxima media	14.3	15.2	19.4 (1997)	12.6 (1975)
Tª máxima absoluta	18.1 (día 13)	26.6 (23/3/2002)		
Precipitación acumulada	124	56-85	262 (2001)	0 (1997)

#### Comentario:

*Temperaturas en xeral inferiores aos valores medios agardados, especialmente no caso das máximas. O mes pode considerarse frío.*

*A chuvia acumulada foi moi superior ao agardado; o mes pode considerarse moi húmido*



11

**SANTIAGO**

	MARZO 2008	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.6	11.2	13.1 (1998)	8.4 (1984)
Tª mínima media	6.2	6.5	9.0 (2001)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	-0.1 (día 7)	-1.5 (7 y 17/3/84)		
Tª máxima media	13.4	15.9	19.1 (1998)	13.1 (1985)
Tª máxima absoluta	19.0 (día 13)	28.6 (23 y 24/3/02)		
Precipitación acumulada	93	83-147	618 (2001)	0 (1997)

Comentario:

*Temperaturas inferiores aos valores medio, especialmente no caso das máximas, 2.5 °C por debaixo do agardado. O mes pode considerarse mesmo moi frío respecto ás medias e as máximas\*\**

*A chuvia acumulada entra dentro do rango normal de valores para o mes de marzo*

\* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

\*\* hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación fóron obtidos cun periodo máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobre-estimada

**LUGO**

	MARZO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.3	9.3	13.1 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	3.6	4.2	8.2 (1994)	1.1 (1973)
Tª mínima absoluta	-4.3 (día 7)	-7.6 (2/3/2004)		
Tª máxima media	13.4	14.5	21.9 (1997)	10.5 (1984)
Tª máxima absoluta	21.4 (día 14)	27 (9/3/00; 23/3/02)		
Precipitación acumulada	87	62-76	276 (2001)	0.2 (1997)

Comentario:

*Temperaturas en xeral inferiores aos valores medios. O mes pode considerarse frío en xeral.o A chuvia acumulada supera o rango normal de valores agardado, polo que o mes pode considerarse húmido.*



**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	MARZO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.2	11.7	14.5 (1997)	9.3 (1975)
Tª mínima media	6.8	6.3	4.3 (1984)	9.3 (2001)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 7)	-1.6 (1/3/1993)		
Tª máxima media	15.7	17.1	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 13)	28 (23/3/2002)		
Precipitación acumulada	120	95-164	571 (2001)	0 (1997)

Comentario:

*As temperaturas medias e máximas estiveron por debaixo dos valores medios, mentras que o promedio das mínimas foi algo superior ao valor agardado. O mes pode considerarse en xeral frío, debido principalmente ao efecto das máximas.*

*A chuva acumulada entra dentro dos niveis que se consideran normais*

**OURENSE**

	MARZO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	10.6	11.5	14.8 (1997)	8.5 (1975)
Tª mínima media	5.7	4.9	9.3 (2001)	0.6 (1973)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 7)	-4.0 (09/03/1973)		
Tª máxima media	16.0	18.2	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	22.5 (día 2)	30.6 (23/03/2002)		
Precipitación acumulada	61	43-65	298 (2001)	0 (1997)

Comentario:


*Mes moi frío respecto ás temperaturas medias e especialmente as máximas, bastante máis baixas do agardado (2.2 ° C) pero cálido respecto ás mínimas.*

*A chuva acumulada entra dentro do rango normal de valores do mes de marzo*



### 3.- Mapas

#### 3.1.- Anomalías de presión en superficie






### 3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa


#### Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.

Mes de Marzo 2008





### 3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 03/2008

www.meteogalicia.es





**3.4.- Temperatura media das mínimas**




Tmín -- 03/2008

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)



**3.5.- Choiva acumulada (litros/m<sup>2</sup>)**



Chuvia -- 03/2008

www.meteogalicia.es